



BANDO DE LEMBRANZA DOS DEBERES DE ORNATO E SEGURIDADE DOS INMÓBEIS.

Miguel Anxo Fernández Lores, o voso Alcalde, para xeral coñecemento, lembra e fai saber:

Coa finalidade de manter a cidade nunhas axeitadas condicións estéticas e de seguridade a través do mantemento e conservación das fachadas e elementos exteriores das edificacións, este Concello leva décadas ditando un bando polo que se lembra anualmente o deber de conservación dos inmobles, inherente ao contido do dereito de propiedade e con fundamento na propia función social da propiedade.

É claro e manifesto o interese público que obriga á intervención administrativa para manter o que a xurisprudencia veu en denominar a “imaxe urbana” da vila, e que neste caso se instrumente a través destes bandos de lembranza dos deberes dos propietarios dos inmobles de mantelos e conservalos en condicións de seguranza, salubridade e ornato público, instrumentos ancorados nunha consolidada tradición administrativa e que teñen recibido un amplo respaldo e notable acollida pola cidadanía, ao habilitar unha innovadora ferramenta de simplificación administrativa áxil, que facilita aos cidadáns os trámites administrativos e que, asemade, garante o eficaz e inmediato cumprimento das referidas obrigas legais. Trátase de facer doado o que é obrigado.

As intervencións comunicadas que o bando ordena xenericamente para facer máis doadas as xestións perante o Concello, cohonestan coas pautas de simplificación administrativa que veñen marcando nos últimos tempos a normativa de transposición da Directiva europea de Servizos e serven para removeren os atrancos burocráticos e facilitaren á veciñanza as xestións para que poidan executar as referidas reparacións menores de arranxo de conservación e mailos pequenos amaños das fachadas e cubertas dos edificios, ás que veñen obrigados.

O Concello está a tramitar unha ordenanza de simplificación administrativa que paute, de xeito xeral e continuado no tempo, estes novos e máis doados xeitos de intervención da administración na esfera dos cidadáns e axilice tamén a apertura de novos negocios. Simultaneamente estanse dando os primeiros pasos para superar a vixente Ordenanza reguladora das medidas de conservación e seguridade dos elementos exteriores das edificacións, regulando de xeito completo as ITES dos edificios.

Dun tempo a esta parte a nosa Pontevedra espertou do seu letargo para converterse nunha cidade de premio da que todos estamos orgullosas e orgullosos. Somos sabedores de que só coa participación activa e implicación decidida das veciñas e veciños seremos quen de conseguir que a nosa Boa Vila siga a amosar a súa mellor faciana e figure cada vez máis no “mapa” e no “mercado” como fito de atracción turística que repercute na mellora da nosa economía.

Por todo iso, e porque estamos convencidos que neste tempo de medos e de crises necesitamos optimismo e felicidade e que se nos fagan máis doadas as cousas, para poder axudar a estes obxectivos; cómpre, mentres que non se aproban definitivamente as Ordenanzas en tramitación, ditar un novo bando que faculte as actuacións que se reflicten de seguido e se concretan no modelo de solicitude normalizado empregar, actuacións que certamente xa son dabondo coñecidas polos propietarios e Axentes da Construción, polo que, esta Alcaldía, por medio deste bando vén de resolver:

1º.- Declarar amparadas por este bando, á vez que se ordenan, -agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e das autorizacións doutras administracións e xurisdicións-, as tradicionais intervencións menores que de seguido se relacionan, xa autorizadas por outros bandos de ornato, e que deberán estar rematadas antes do 30/11/2012.

Estas intervencións menores son as seguintes:

FACHADAS E MEDIANEIRAS. Realizaranse branqueos, revocos ou pintados de portas, fiestras, beirados, enreixados, balcóns e paramentos que o requiran, colocación de cristais e reparacións puntuais e parciais análogas, conservando os edificios, en todo caso, as súas características de construción e o seu deseño exterior, ao que non poderán afectar; tamén branqueo ou pintura en cores claras en medianeiras.

CUBERTAS, CANLES E BAIXANTES. Realizaranse limpeza e reposicións parciais de tellas deterioradas ou rotas ou do material de cubrición dos tellados en mal estado, así como reposicións ou reparacións de canles e baixantes. Nos supostos de intervencións menores e parciais de reparación de cuberta, xunto coa solicitude de acollemento ao bando achegaranse fotografías recentes nas que se poida apreciar con exactitude e claridade a situación actual da cuberta ou tellado que se pretende reparar ou limpar. En calquera caso advírtese expresamente que os traballos de reparación de cuberta non poderán modificar a estrutura portante da edificación existente nin implicar cambios de altura ou volume do inmovible, tampouco poderán alterar as pendentes das augas da cuberta.

BAIXOS DE EDIFICACIÓNS. Os baixos de edificacións desocupados pecharanse con muros de fábrica de tixolo revocado e branqueado, sen permitirse os tabiques con ocos “axadrezados”, debéndose manter pechados os baixos completamente para o que se solicitará a correspondente licenza.

FACHADAS CON PLANTAS E OUTROS ELEMENTOS DECORATIVOS. Recoméndase o adorno de balcóns, terrazas e galerías con plantas sempre que os testos se sitúen dentro da edificación e non vertan auga sobre a vía pública, quedando garantida, en todo momento, a seguraza dos viandantes. Para outros elementos decorativos precisárase o permiso municipal correspondente.

RÓTULOS E TOLDOS. Recoméndase a limpeza e restauración dos rótulos e toldos deteriorados segundo as ordenanzas vixentes. Para a súa reposición solicitarase licenza municipal.

PASAXE PERMANENTES DE VEHÍCULOS. Realizaranse as actuacións necesarias para acondicionar as entradas de carruaxes, con reposición dos sinais e pavimento que se atopen deteriorados. A sinalización das pasaxes permanentes con reserva de vía pública realizaranse pintando o bordo cunha franxa amarela continua na lonxitude concedida e coa colocación sobre a porta dunha placa indicadora de “pasaxe permanente” previamente autorizada polo Concello. Prohíbese a sinalización sobre as xambas das portas e no chan en zigzag.

MANTEMENTO DO SOLO NATURAL E DA MASA VEXETAL. Os propietarios de solo non urbanizábel ou rústico, forestal ou non, teñen o deber de conservalos, destinalos aos usos previstos na planificación urbanística e forestal ou normas de protección do medio ambiente e mantelos en condicións de seguridade e salubridade. A obriga de conservación implica a de manter o solo e, no seu caso, a masa vexetal, nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, e realizar os traballos necesarios de limpeza e desbroce coa finalidade de minimizar os riscos de erosión e incendios e o subsecuente perigo para a seguridade.



MALEZA E CONTROL DE PRAGAS. Procederáse a limpar de maleza as fachadas, peches e cubertas, terreos edificábeis e fincas urbanas, de tal maneira que non invada a vía pública. Dita obriga faise extensiva tanto aos interiores de patio de rueiro como aos camiños da ZONA RURAL.

MARXES DE RÍOS E VÍAS PÚBLICAS. Os propietarios de terreos limítrofes deberán limpalos de entullos e de maleza no caso das vías públicas. Prohíbese verter residuos, entullos e obxectos nestas zonas.

CENTRO HISTÓRICO. As ordenanzas vixentes para esta zona son de obrigado cumprimento para calquera intervención que se realice no conxunto histórico-artístico e lémbrese, en particular, a prohibición da instalación de toldos e das revocaduras con acabados en ton forte ou brillante, a imitación a pedra ou tixolo e as paredes cubertas de tea asfáltica ou fibrocemento. As portas, fiestras, galerías e balcóns deberán levar as cores e perfilarias tradicionais e empregarán a madeira na carpintería e o ferro, fundición e bronce na cerrallaría seguindo as normas do PEPRICA, agás os supostos excepcionais que se prevén no Plan Especial.

Advírtese expresamente que:

En ningún caso se entenderá autorizada calquera intervención non amparada expresamente polo presente bando e tampouco se adquirirán facultades en contra do establecido na lexislación ou no planeamento urbanístico. Lémbrese que en solo rústico só poderán acollerse a este Bando as edificacións construídas ao abeiro das preceptivas licenza urbanística e autorización autonómica e que tampouco se autorizan intervencións que precisen de autorizacións sectoriais doutras administracións sen a previa obtención destas.

Consonte coa normativa urbanística vixente, en ningún caso se entenderán como “menores” os cerramentos de muro de fábrica de calquera clase, as intervencións en edificios declarados ben de interese cultural ou catalogados e os movementos de terra, que precisarán da presentación de proxecto técnico e da obtención da preceptiva licenza.

A POLICÍA LOCAL, e a inspección urbanística, ben de oficio ou a instancia de particulares, controlará o cumprimento do bando, denunciando aquelas persoas que incumpran o anteriormente disposto, o que dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador ou se procede da orde de execución oportuna. Sen prexuízo da potestade sancionadora, en caso de incumprimento dos deberes que lle incumben aos responsábeis, tras requirimento para os efectos de restauración da legalidade, poderase efectuar a execución subsidiaria ou forzosa polo Concello, por conta dos responsábeis e á marxe das indemnizacións a que houber lugar.

2º.- Lembrar o disposto na Ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación e de seguridade nos elementos exteriores das edificacións, e, especialmente, que as infraccións en materia de conservación dos paramentos exteriores e cubertas dos edificios e a omisión do cumprimento dos deberes da ordenanza reguladora, como é, entre outros, a non presentación do certificado de seguranza no concello no prazo sinalado, sancionárase con multa de 601,01 €, e que, de superarse o prazo regulado en un mes, outorgárase un novo prazo, que, de ser incumplido, suporá a imposición dunha sanción de 1.502,03 €.

3º.- Subliñar, unha vez máis, como atavío para o lecer e ocio, que segundo a ordenanza reguladora da instalación e utilización de veladores nas vías públicas (BOP núm. 180 do 18/09/1997), as mesas e cadeiras harmonizarán especialmente co ambiente no que se sitúe o establecemento.

Faise expresa advertencia que está prohibida a colocación de veladores con mensaxes publicitarias e no centro histórico deberán observarse as determinacións do PEPRICA respecto dos materiais acordes e prohibición da utilización de veladores de plástico e das cores vivas.

Para acollerse as intervencións, amparadas por este bando, as persoas interesadas ou obrigadas á súa realización deberán comunicar por escrito ao Concello a data prevista para a súa iniciación e o seu alcance, para o que deberán utilizar exclusivamente o modelo de solicitude que se lles facilitará, gratuitamente, no Rexistro Xeral deste Concello ou na páxina Web www.pontevedra.eu, no que se detalla e concreta o alcance das actuacións e intervencións que se poderán executar.

O prazo de presentación de solicitudes de acollemento ó Bando rematará o 30 de setembro de 2012, non admitíndose as que se presenten con posterioridade á referida data. Malia o exposto, os traballos xa iniciados e comunicados en prazo poderán continuarse executando, debendo, en todo caso, estar rematados antes do 30 de novembro de 2012.

Se para a súa execución se precisase colocar sobre a vía pública estadas, guindastres móbeis ou elementos similares, os promotores destas intervencións realizaranas baixo a dirección de técnico competente e co cumprimento da normativa de aplicación, debendo achegar coa solicitude, amais do xustificante do pago da taxa correspondente, plano acoutado da ocupación de espazo público previsto ou proxecto, no seu caso, indicando as medidas de protección e sinalización necesarias e garantir o tránsito de vehículos e peóns, a seguridade dos traballadores/as ou persoas que as executen e dos/as viandantes, así como a do propio inmóbel e dos bens depositados sobre os espazos públicos. En todo caso as ocupacións de vía pública deberán estar expresamente autorizadas pola policía local e atenderase ás indicacións que por mor dos referidos obxectivos poida efectuar a inspección urbanística e a propia policía local.

O noso Concello de Pontevedra, 26 de xuño de 2012.

O Alcalde

Miguel Anxo Fernández Lores